

**Asunto:** INFORME DE VALORACIÓN SOBRE B DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA , DO SERVIZO PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA CELTA 2024.

**Exp: 778/2024**

Lydia Moledo Laíño, Técnica de Cultura do Concello de Porto do Son INFORMO:

1. Que vista a acta da mesa de contratación do día 06 de xuño de 2024 ás 9:30h. concorren as seguintes empresas:

NIF	EMPRESA	DATA DE PRESENTACIÓN
B05422571	ANSAPIEN SL	04 de junio de 2024 a las 11:13:12
G19513878	ASOCIACIÓN SOLO ARTESANOS	05 de junio de 2024 a las 00:59:04
B98529589	BALCONET OPERADOR DE MERCADOS TEMATICOS S.L	05 de junio de 2024 a las 17:52:20
B96897236	ESPECTACULOS AMB PRODUCCIONES, S.L.	05 de junio de 2024 a las 18:21:00

2. Que as empresas que concorren á licitación compren co establecido nas bases do procedemento resultando admitidas as seguintes:

NIF	EMPRESA
B05422571	ANSAPIEN SL
G19513878	ASOCIACIÓN SOLO ARTESANOS
B98529589	BALCONET OPERADOR DE MERCADOS TEMATICOS S.L
B96897236	ESPECTACULOS AMB PRODUCCIONES, S.L.

3. Que Visto o punto sétimo da memoria xustificativa e a memoria complementaria relativo os criterios a valorar os criterios que seguen resultan o xeito máis axeitado para avaliar a aptitude dos licitadores para a prestación dos servizos obxecto do contrato. :

1	Proposta da planificación, organización e xestión para a posta en marcha da Feira Celta	De 0 a 5 puntos
2	Proposta de decoración e ambientación do espazo no que se desenvolverá a Feira Celta	De 0 a 5 puntos
3	Proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver: talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas	De 0 a 15 puntos

4. Que unha vez revisadas as propostas dos 4 licitadores presentados en tempo e forma, as valoracións quedan da forma que se sinalan de seguido:



Empresas presentadas	Criterios a evaluar	PONDERACIÓN	%
ANSAPIEN SL	1. Proposta da planificación, organización e xestión para a posta en marcha da Feira Celta. (0-5 ptos)	EXCELENTE	5ptos
	2. Proposta de decoración e ambientación do espazo no que se desenvolverá a Feira Celta.(0-5 ptos)	ACEPTABLE	1,5ptos
	3. Proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver: talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas.(0-15 ptos)	BOA	9,75ptos
ASOCIACIÓN SOLO ARTESANOS	1. Proposta da planificación, organización e xestión para a posta en marcha da Feira Celta.	EXCELENTE 100%	5ptos
	2. Proposta de decoración e ambientación do espazo no que se desenvolverá a Feira Celta.	BOA	3,25ptos
	3. Proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver: talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas.	EXCELENTE	15ptos
BALCONET OPERADOR DE MERCADOS TEMATICOS S.L	1. Proposta da planificación, organización e xestión para a posta en marcha da Feira Celta.	EXCELENTE 100%	5ptos
	2. Proposta de decoración e ambientación do espazo no que se desenvolverá a Feira Celta.	BOA	3,25ptos
	3. Proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver: talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas.	BOA	9,75ptos
ESPECTACULOS AMB PRODUCCIONES, S.L.	1. Proposta da planificación, organización e xestión para a posta en marcha da Feira Celta.	EXCELENTE 100%	5ptos
	2. Proposta de decoración e ambientación do espazo no que se desenvolverá a Feira Celta.	EXCELENTE	5ptos



	3. Proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver: talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas.	EXCELENTE	15ptos

#### 4. Xustificación da ponderación

##### A) ANSAPIENS S.L.

- Na **proposta de planificación e organización e xestión para posta en marcha da Feira Celta** valóroa cun EXCELENTE (o máximo de puntos neste apartado: 5) dado que é unha empresa con experiencia acreditada na planificación meticulosa e detallada dos eventos que organiza, asegurando que todos os aspectos loxísticos se consideren e os xestionan eficazmente. Son profesionais altamente capacitados e experimentados capaces de manexar calquera desafío que poida xurdir durante a montaxe e desmontaxe. Os concellos nos que organizaron eventos similares á Feira Celta foron atractivas e fixeron que o evento sexa memorable. Estes factores combinados demostran que ANSAPIENS SL é unha empresa líder na execución de eventos, capaz de ofrecer montaxes de alta calidade que garanten o éxito do evento.

-Na **proposta de decoración e ambientación do espazo** valóroa cun **ACEPTABLE (1,5 puntos)** fundamentada na súa capacidade para cumprir cos requisitos mínimos e mellorar de maneira discreta os mínimos esixidos. Sen embargo non alcanza a cualificación de excelente debido a falta de innovación, creatividade e atención ao detalle. Con estas melloras nestas áreas ANSAPIENS S.L. podería alcanzar a calificación superior en futuros eventos.

-Na **proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver : talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas)** cualifícoa como BOA casi alcanzando o excelente. A cualificación ven dada pola novidade da proposta respecto a anos anteriores sen embargo aínda que os grupos cumpren coas expectativas básicas en termos de entretemento non xeran un entusiasmo significativo en cuanto a calidade artística para alcanzar o EXCELENTE.

##### B) ASOCIACIÓN SOLO ARTESANOS

- Na **proposta de planificación e organización e xestión para posta en marcha da Feira Celta** valóroa cun EXCELENTE (o máximo de puntos neste apartado: 5) fundamentada no desempeño sobresaínte en todas as áreas pola visión estratéxica e planificación detallada da xestión proactiva e atención ao detalle, ASOCIACIÓN SOLO ARTESANOS demostra unha capacidade excepcional para organizar e xestionar eventos de gran envergadura. O seu enfoque neste ámbito aseguran que a Feira Celta non só cumpla coas expectativas, senón que as supere, proporcionando unha experiencia memorable e exitosa para todos os involucrados.





**-Na proposta de decoración e ambientación do espazo valóroa cun BOA** acadando una puntuación de 3,25 puntos de 5 que é a puntuación máxima neste apartado porque a proposta supera os mínimos esixidos aportando aspectos vantaxosos para a execución do servizo. Os elementos e iconografías da proposta está deseñada para ser fácil de montar e desmontar dado que utilizará una suxeción especial e cinturón de protección sin anclar ás fachadas nin ao chan coidando todo o recinto de Porto do Son o que añade un valor significativo á execución do servizo.

**-Na proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver : talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas)** cualifícoa cun EXCELENTE (máxima puntuación neste apartado 15 puntos) fundada en su desempeño sobresaínte en todas as áreas. A adecuación e coherencia temática, a alta calidade artística, a eficiencia na organización e loxística, a innovación e creatividade e o impacto positivo que pode ter na Feira Celta. Todo isto xustifica a miña valoración de EXCELENTE. ASOCIACIÓN SOLO ARTESANOS demostra con esta proposta unha capacidade excepcional para diseñar e executar actividades que non só cumpren, senon que supera as expectativas proporcionando unha alta calidade na súa proposta.

### **C) BALCONET OPERADOR DE MERCADOS TEMATICOS S.L**

- **- Na proposta de planificación e organización e xestión para posta en marcha da Feira Celta** valóroa cun EXCELENTE. A valoración está fundamentada na súa capacidade para abordar de maneira efectiva todos os aspectos críticos do evento. A planificación detallada que atende ás características do mercado e ás rúas que ocupa a feira, a organización eficiente, a xestión proactiva, a atención ao detalle son aspectos que xustifican esta valoración. Balconet na súa proposta demostra unha capacidade excepcional para organizar e xestionar eventos de gran envergadura é o caso da Feira Celta, proporcionando unha experiencia exitosa para todos os implicados. Balconet presta unha atención meticulosa a cada detalle desde a disposición dos postos creando unha experiencia auténtica para os veciños e visitantes.
- **-Na proposta de decoración e ambientación do espazo** valóroa cun BOA. A cualificación de BOA está fundamentada na súa capacidade para superar os requisitos mínimos esixidos e ofrecer unha proposta que añade valor á execución do servizo. A facilidade da montaxe e desmontaxe, a adaptabilidade e a calidade aceptable dos materiais son aspectos que contribúen a unha valoración positiva. Sin embargo a falta da escasa novidade con respecto a anos anteriores son limitacións significativas que impiden que a proposta alcance unha cualificación de EXCELENTE. Con estas melloras na incorporación de elementos temáticos e a introdución de innovacións creativas, BALCONET OPERADOR DE MERCADOS TEMÁTICOS, SL podería elevar significativamente a calidade e o atractivo das súas futuras propostas decorativas.
- **-Na proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen**





**desenvolver: talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas)** cualifícoa cun BOA (acadando unha puntuación de 9,75 puntos). As actividades propostas se alinean axeitadamente coa temática celta do evento, ofrecendo actuacións musicais, teatrais e circense, pasarrúas e actividades de animación que son pertinentes e contribúen á ambientación xeral da feira. Sen embargo algunha das actuacións propostas xa estiveron presentes en edicións anteriores na Feira Celta, o que reduce a sensación de novidade e frescura para os asistentes recorrentes. A repetición dos mesmos artistas e grupos limita o atractivo da proposta.

#### **D) ESPECTÁCULOS AMB PRODUCCIONES, S.L**

- Na **proposta de planificación e organización e xestión para posta en marcha da Feira Celta** valóroa cun EXCELENTE fundamentada en que a planificación adáptase perfectamente ás características do mercado e as rúas que ocupa a feira valorando positivamente que os postos de restauración e hostalaría ocupen superficies pequenas ao tratarse do espazo principal da Feira Celta. Valoro positivamente a capacidade da empresa para anticipar e resolver problemas que poidan xurdir durante a organización do evento.
- **-Na proposta de decoración e ambientación do espazo** valóroa cun EXCELENTE dado que la proposta de decoración e ambientación do espazo presentada está fundamentada na alta calidade dos materiais utilizados, como grecas especiais de luxo e escudos heráldicos cosidos a man. A atención meticulosa aos detalles, a coherencia temática, o impacto visual e estético, a innovación e orixinalidade son aspectos que xustifican esta valoración. AMB PRODUCCIONES, SL. demostran coa súa proposta unha capacidade excepcional para crear ambientes inmersivos e auténticos que elevan significativamente a experiencia do evento, proporcionando unha decoración que non só cumpre coas expectativas senón que as supera de maneira sobresaliente.
- **-Na proposta de actividades (actuacións musicais, teatrais ou circenses, pasarrúas e demais actividades de animación que se propoñen desenvolver : talleres de oficios demostrativos e exposicións fixas)** valóroa cun EXCELENTE (máxima puntuación neste apartado 15 puntos) dado a calidade dos espectáculos ofertados. A calidade das actividades propostas aseguran que os visitantes teñan unha experiencia enriquecedora. As actividades están deseñadas para maximizar o disfrute e participación do público. As actuacións abarcan diferentes temáticas e estilos, mantendo o interese e a emoción do público ao longo do evento.

#### **5. Conclusión**

Despois da avaliación detallada de cada proposta, os resultados son os que seguen:



<b>Nº ORDE</b>	<b>NIF</b>	<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTUACIÓN FINAL</b>
1.	B05422571	ANSAPIEN SL	16,25 pts
2.	G19513878	ASOCIACIÓN SOLO ARTESANOS	23,25 pts
3.	B98529589	BALCONET OPERADOR DE MERCADOS TEMATICOS S.L	18 pts
4.	B96897236	ESPECTACULOS AMB PRODUCCIONES, S.L.	25 pts

A empresa ESPECTACULOS AMB PRODUCCIONES, S.L. con CIF B96897236 obtivo a puntuación máis alta e, polo tanto, recomendo a súa selección para a organización da Feira Celta de Porto do Son, debido a súa proposta técnica de alta calidade, unha sólida experiencia e referencias positivas, así como un enfoque innovador.

#### **6. Recomendacións**

Suxírese manter un canal de comunicación aberto e regular coa empresa ESPECTACULOS AMB PRODUCCIONES, S.L para asegurar a implementación efectiva da súa proposta, facendo un seguimento detallado do cronograma e cumprimento dos pregos de condicións.

Porto do Son, na data da súa sinatura dixital

Lydia Moledo  
Técnica de Cultura

